

# ORDENANZA FISCAL Nº 23 REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS DE EMERXENCIAS, PROTECCIÓN CIVIL, PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO

## I. FUNDAMENTO E NATUREZA.

**Artigo 1.** No uso das facultades conferidas pola lexislación vixente, este Concello establece a Taxa polaprestación polos servizos de emerxencias, protección civil, prevención e extinción de incendios e salvamento e outros análogos que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao previsto no RDL 2/2004 de 5 marzo que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

## II. FEITO IMPOÑIBLE.

**Artigo 2.** Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de emerxencias, protección civil, prevención e extinción de incendios e salvamento e outros análogos.

**Artigo 3.** Así mesmo estará suxeito a esta taxa a prestación de servizos de formación, asesoramento, inspección de seguridade e entrenamento por parte de Emerxencias, así como a utilización das súas instalacións en virtude das tarefas de prevención encomendadas ao Servizo e contempladas no seu Regulamento.

**Artigo 4.** Estarán exentos do pago da asistencia prestada no caso de incendios, salvamentos, afundimentos de edificios, construcións e outros inmobles e salvamento de persoas os contribuintes beneficiarios do RISGA e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado, así como quen xustifique que os ingresos anuais globais da unidade familiar á que pertencen é inferior ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), sempre que non afecten a bens asegurados.

**Artigo 5.** Non estará suxeito a esta taxa o servizo de prevención xeral de incendios nin os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade ou dunha parte considerable da poboación do Concello ou en caso de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declarada.

**Artigo 6.** Así mesmo, non estará suxeita a prestación dos servizos, cando o organizador da actividade sexa o propio Concello.

## III. SERVIZOS OBRIGATORIOS.

**Artigo 7.** Será obrigatoria a prestación dos servizos nos casos de risco grave e inminente, conforme ao disposto na normativa urbanística, de policía e de protección civil e cando o ordenen as autoridades públicas por razóns de seguridade pública.

## IV. NACEMENTO DA OBRIGA TRIBUTARIA.

**Artigo 8.** A obriga tributaria xorde da utilización ou prestación dos servizos que constitúen o feito imponible desta taxa, entendendo que este iníciase para todos os efectos cando saia da base a dotación correspondente, ben sexa por solicitude dos particulares interesados, aínda que non o solicitase persoalmente o suxeito en situación de perigo na súa persoa ou bens, ben sexa de oficio por razóns de seguridade, sempre que a prestación do servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.

## V. SUXEITO PASIVO.

**Artigo 9.** Son suxeitos pasivos contribuíntes deste tributo, respondendo solidariamente, as persoas físicas e xurídicas, nacionais ou estranxeiras, e as entidades a que fai referencia o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que se atopen nalgún dos supostos seguintes:

Os solicitantes do servizo que resulten especialmente beneficiados polo mesmo, sexan alugueiros, posuidores ou ocupantes dos lugares ou bens nos que se produza o risco motivador.

Os donos ou propietarios dos bens nos que se produza o risco ou sinistro motivador, cando os informes técnicos amosen que non estaban dotadas das debidas condicións de seguridade para prever ou atenuar o sinistro, agás que este fose causado por culpa ou negligencia dun usuario.

As persoas causantes do risco ou sinistro que, pola súa actuación ou negligencia obriguen a prestación do servizo.

**Artigo 10.** Terán a consideración de substitutos do contribuínte pola prestación dos servizos de emerxencias, protección civil, prevención e extinción de incendios, e salvamento, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco. No caso de que o inmovible ou o ben non se encontre asegurado, será substituto do contribuínte o propietario daquel.

**Artigo 11.** En canto á prestación de servizos de formación, asesoramento e entrenamento, son os suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas que soliciten aqueles servizos e/ou utilicen as instalacións do servizo.

**Artigo 12.** En canto á prestación de servizos de inspeccións, serán suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas que organicen eventos que contén con plans de seguridade e que, polo tanto, sexa preciso avaliar o nivel de desenvolvemento e cumprimento do mesmo.

## **VI. RESPONSABLES.**

**Artigo 13.** Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire a Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores das quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

## **VII. COTA TRIBUTARIA.**

### **Artigo 14.**

1. A Cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empregan na prestación do servizo, o tempo investido neste, e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

<b>A) PERSOAL</b>		
Hora Inspector Xefe de Emerxencias/Xefe de Servicio	30,32 €	€/hora ou fracción
Hora Sarxento de Emerxencias	23,44 €	€/hora ou fracción
Hora Cabo de Emerxencias/Axente de Emerxencias	21,49 €	€/hora ou fracción
Hora Peón	19,53 €	€/hora ou fracción
<b>B) VEHICULOS I</b>		
	0,00 €	

Furgoneta/Furgón de salvamento	26,42 €	€/hora ou fracción
Todoterreo	25,70 €	€/hora ou fracción
Autobomba forestal	52,64 €	€/hora ou fracción
Autobomba	126,08 €	€/hora ou fracción
Autoescala	50,38 €	€/hora ou fracción
<b>C) VEHICULOS II</b>		
Servizos prestados con camión basculante con e sen guindastre (pequeno)	38,21 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con camión basculante con e sen guindastre (medio)	49,53 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con tractor multiusos con equipamento: cargadora, retroescavadora, desbrozadora, compresor emotoniveladora	64,82 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con camión recolector compactador 15 m <sup>3</sup>	51,82 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con camión recolector compactador 12 m <sup>3</sup>	48,07 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con camión con plataforma hidráulica	48,88 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con camión cisterna de baldeo e rego sobre camión de 8.000 litros	68,09 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con camión portacontenedores con gancho	42,82 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con camión portacontenedores con gancho e guindastre	61,59 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con barredora de aspiración autopropulsada de 2 m <sup>3</sup>	48,27 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con barredora cisterna de baldeo e regoautopropulsada	54,36 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con camión lavacontenedores de 4.000 litros	66,27 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con dumper multiuso con volquete	36,62 €	€/hora ou fracción
<b>D) MATERIAIS I</b>		
Servizos prestados con bomba de achique	22,84 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con xerador de electricidade	18,57 €	€/hora ou fracción
Servizos equipo autónomo	8,57 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con motoserra	15,09 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con Trator cortacésped	18,73 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con hidrolimpadora	9,10 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con grupo soldadura	7,66 €	€/hora ou fracción
Servizos prestados con equipo de excarcelación	36,41 €	€/hora ou fracción
Mangueriras (25,45, ou 70 m/m) por metro lineal	5,20 €	€/hora ou fracción
Xeradores de Espuma	7,15 €	€/hora ou fracción
Rozadoira	14,28 €	€/hora ou fracción
Resto de ferramenta	21,41 €	€/hora ou fracción
<b>E) MATERIAIS II</b>		

Espumoxeno de baixa e media expansión	14,28 €	€/litro
Espumoxeno de alta expansión	4,16 €	€/litro
Absorbente	11,42 €	€/Kg
Deterxente/Dispersante	8,57 €	€/litro
Extintor (po, CO2, etc)	66,99 €	€/extintor

2. Cando a prestación do servizo teña lugar fóra do termo municipal, á cota derivada da aplicación dos parámetros anteriores, experimentaráselle un incremento de **0,70 euros** por quilómetro percorrido, en ida e volta, dende a saída do vehículo da base ata o lugar de prestación do servizo.

3. No caso de que, saíndo o vehículo da base, o servizo de emerxencias non chegase a intervir, cobrarase unicamente o epígrafe relativo ao vehículo (excepto os servizos de prevención), agás os desprazamentos realizados fóra do termo municipal, onde se aplicará ademais o disposto no parágrafo segundo do presente artigo.

4. No caso de prestación de formación, asesoramento, inspeccións de seguridade, entrenamento e/ou utilización das instalacións do Servizo, as tarifas serán a seguinte:

<b>FORMACIÓN</b>		
Clases teóricas ·Mínimo 100 €	6,6	€/hora e persoa
Clases Prácticas ·Mínimo 100 €	6,6	€/hora e persoa
Curso Extintores (3 horas) 1 ext./persoas	75	€/persoa
Mangueira (3 horas)	45	€/persoa
Equipos respiratorios autónomos (3 horas) ·Grupos de 5 a 10 persoas	150	€/persoa
<b>CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS</b> ·Grupos de 6 a 12 persoas		
Básico (10 horas)	100	€/persoa
Medio (25 horas)	300	€/persoa
Superior (40 horas)	450	€/persoa
<b>CURSO DESA</b> ·Grupos de 6 persoas ou múltiples		
SVB e DESA	45	€/persoa
Actualización SVB e DESA	25	€/persoa
Instrutor SVB e DESA	150	€/persoa
<b>UTILIZACIÓN DE AULAS E MATERIAIS DO SERVIZO DE EMERXENCIAS</b>		
Utilización da aula	50	€/hora
Proxector	2	€/hora
Ordenador portátil	4,5	€/hora
<b>UTILIZACIÓN DE MATERIA SANITARIO</b>		
Material de Soporte Vital Básico	150	€/hora
<b>IMPLANTACIÓN PLAN DE AUTOPROTECCIÓN OU EMERXENCIA</b> As tarefas de implantación comprenderán: ·Estudio de documentación e traballo de campo ·Deseño do simulacro de emerxencia ·Reunións para a preparación do simulacro de emerxencia ·Coordinación do simulacro de emerxencia		
Atá 100 persoas	200	€/simulacro

Por cada persoa que exceda de 100 persoas	2	€/persoa
<b>INSPECCIÓN PARA VELAR POLO DESENVOLVEMENTO DOS PLANS DE SEGURIDADE OU EMERXENCIA</b>		
Aforos de até 1000 persoas	30	€/inspección
Por cada 500 persoas que exceda as 1000 persoas	5	€/cada 500 persoas
<b>CURSOS DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIAS PARA EMPRESAS</b>		
Básico (20 horas) -Grupos 10 a 25 persoas	200	€/persoa
Medio (50 horas) -Grupos 10 a 25 persoas	350	€/persoa
Avanzado (110 horas) -Grupos 10 a 25 persoas	700	€/persoa
<b>CURSO DE EXCARCELACIÓN</b>		
Curso (2 vehículos por cada 6 persoas) -Grupos de 6 a 12 persoas	400	€/persoa
Por cada vehículo en exceso	100	€/vehículo
<b>REFORZOS DE SEGURIDADE EN EVENTOS DE PÚBLICA CONCURRENCIA E DE RISCO</b>		
Dispositivo de reforzo	150	€/hora
<b>OUTRAS TAREFAS</b>		
Outras inspeccións e asesoramento	50	€/hora

## VIII. NORMAS DE XESTIÓN.

### Artigo 15.

1. O persoal do servizo de protección civil estenderá un parte en impreso normalizado, no que fará constar:

- Nome e apelido, D.N.I. ou C.I.F. da persoa solicitante do servizo ou beneficiada polo mesmo, así como o seu enderezo e teléfono.
  - Motivo da actuación, indicando se esta foi de oficio ou a instancia da parte.
  - Hora de saída e chegada a base.
  - Número de efectivos persoais e tempo empregado.
  - Material empregado na prestación do servizo.
  - Vehículos empregados na prestación do servizo.
  - Lugar de prestación do servizo, indicado o número de quilómetros percorridos polo servizo.
  - No seu caso, entidade ou sociedade aseguradora do risco.
  - Calquera outra observación que deba terse en conta para a cuantificación da taxa.
- Cando se trate de apertura de portas, unicamente se indicará o motivo da actuación.

2. O parte estenderase por triplicado exemplar, remitindo un ao afectado ou beneficiario, outro quedará en poder do persoal de Emerxencias, e outro remitirase por este último ao servizo de xestión tributaria do Concello de Narón.

3. De acordo cos datos facilitados no parte polo Servizo de Emerxencias, o servizo de xestión tributaria do Concello practicará a liquidación que corresponda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos sinalados polo Regulamento xeral de recadación.

4. O solicitante do servizo ou persoa beneficiada polo mesmo, no seu caso, aportará, a requirimento dos servizos municipais do Concello, copia compulsada da póliza que aseguran os feitos que dan orixe á liquidación pola prestación do servizo, e do recibo

acreditativo do pagamento do período no que tiveron lugar os mesmos, indicando nome da entidade ou sociedade aseguradora do risco e o seu C.I.F.

**Artigo 16.** Os servizos incluídos no artigo 11, poderán ser obxecto de liquidación ou autoliquidación.

**Artigo 17.** Os servizos de formación, asesoramento e entramento e/ou utilicen as instalacións do servizo, as solicitudes serán formuladas ante o Rexistro Municipal con un mínimo de 20 días de antelación á data do evento, incluíndo na mesma o detalle da actividade que se pretende realizar a fin de prever o número de efectivos e medios técnicos necesarios.

Existirá á disposición dos solicitantes, unha relación exhaustiva dos contidos das accións de formación e asesoramento.

**Artigo 18.** Os servizos de inspeccións para velar polo adecuado desenvolvemento dos plans de seguridade serán obxecto de autoliquidación con anterioridade a súa prestación.

## **IX. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.**

**Artigo 19.** En materia de infraccións e sancións tributarias, rexerá o disposto na Lei xeral tributaria vixente.

## **X. DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.